

NÚMERO 10/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e cinco de agosto de 2016, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario accidental da Corporación, D. Carlos Pérez González. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Excusa a súa ausencia a concelleira D^a. Zeltia Natividade García Ben.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro desta Corporación municipal D. Marcos Villar López.-

O Sr. Concelleiro D. Marcos Villar López realiza unha exposición da súa renuncia ao cargo de concelleiro por motivos de saúde e ante a previsión de diversas revisións e análises que lle terán que realizar nos vindeiros dous anos.-

Efectúa un agradecemento tanto a seu partido pola súa inclusión nas listas, como á oposición municipal polo seu talante respectuoso, aos diversos concelleiros da Corporación, aos traballadores municipais, nomeadamente aos de cultura, urbanismo, servizos económicos e secretaria municipal.-

Pide excusas por ter que renunciar ao cargo antes de que remate o mandato dos catro anos, ante a elección de elixir entre saúde, familia e traballo.-

O concelleiro Sr. Suárez Becerra mostra o seu agradecemento polo traballo desenvolvido polo Sr. Villar López.-

A Sra. Bolaño Fariñas, agradece a compañía do concelleiro do seu grupo municipal ao longo de trece meses e o considera un orgullo.-

O Sr. Montouto Pérez salienta a lealtade ao proxecto por parte do concelleiro Sr. Villar López.-

O Sr. Anido Varela, agradece a consideración ao Grupo municipal Socialista de comunicalo directamente ao Grupo Municipal do Partido Popular.-

O Sr. López Mallo, igualmente mostra o seu recoñecemento, lembrando unha anécdota acaecida co concelleiro saínte hai xa vinte e cinco anos.-

O Sr. Alcalde, valora o traballo excepcional do concelleiro saínte, con capacidade, empatía e implicación no proxecto de goberno. Pídelle desculpas por terlle insistido en que non efectuara a súa renuncia.-

Acto seguido o Sr. Villar López despídese afectuosamente un a un de todos os concelleiros da corporación e tamén do interventor e do secretario accidental municipal. A continuación abandona o salón de plenos, entre aplausos tanto dos membros da corporación como do público asistente.-

Posteriormente, o secretario accidental dá lectura á proposta de acordo da renuncia do dito concelleiro co seguinte contido:

“Visto o escrito presentado en data 22.8.2016 polo concelleiro D. Marcos Villar López, concelleiro electo na candidatura do PSdG-PSOE nas pasadas eleccións municipais do 24.5.2015 e pertencente ao Grupo Municipal Socialista, por medio do cal comunica ao pleno a súa renuncia ao cargo de concelleiro.

De conformidade co disposto no art. 9.4º do Real Decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que foi aprobado o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais e no art. 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e a Instrución de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, acórdase:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia de D. Marcos Villar López ao cargo de concelleiro, declarando o seu cese como tal e a correspondente vacante na Corporación.

2º.- Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial de concelleiro a favor de Dª María Pardo Fafián, candidata da mesma lista electoral a quen, a xuízo desta corporación, corresponde cubrir a vacante producida”.

Os membros da Corporación toman coñecemento da renuncia efectuada polo Sr. Villar López e da consecuencia legal de solicitar á Xunta Electoral Central a expedición da credencial de concelleiro a favor de Dª María Pardo Fafián, nos termos anteriormente expresados.-

2º.- Modificación de crédito 20/2016. Crédito extraordinario 1/2016: Recoñecemento extraxudicial 1/2016.-

O Sr. Alcalde outórgalle a palabra ao representante do Grupo municipal do PDSP Sr. Gómez López, o cal dá lectura a diversos parágrafos do informe do interventor municipal solicitando que se subsanen as cuestións nel reflectidas. Sinala que non é de recibo que o interventor pida ás concellerías a xustificación dos gastos e os distintos concelleiros de cada área non xustifiquen o gasto e a urxencia. Non obstante, sinala que por responsabilidade o seu grupo votará a favor.-

A Sra. Bolaño Fariñas polo Grupo Municipal Socialista manifesta que o seu grupo vai votar a favor. Sinala que se tratan de pequenos importes para atender a necesidades esenciais como a reparación da porta dun colexio.-

O Sr. López Mallo polo Grupo Municipal do PP, manifesta que as facturas que se traen son todas do ano 2015, e que se refiren a un listado de facturas sen crédito nin proposta de gasto. Refírese a facturas por un importe superior a 13.000 euros no mes de novembro, da festa cervexeira e da feira de oficios artesáns. Sinala que non están criticando estes actos en sí, senón a inexistencia de planificación e de cobertura presupostaria. Manifesta que existe un importante número de facturas correspondentes a exercicios anteriores e que haberá que depurar. Indica que sería necesario revisar o protocolo de pago aos provedores habituais, e que existen en algo máis dun ano do goberno actual máis de 340.000 euros en facturas sen aprobar. Non obstante, votarán a favor por responsabilidade.-

O Sr. Alcalde, explica o contido do expediente de recoñecemento extraxudicial manifestando que unha parte importante corresponde a obras incompletas que se atoparon ao chegar ao goberno: melloras no entorno da Igrexa Nova, Excavacións Cernadas Valiña en Soñeiro, á Sociedade Xeral de Autores e Editores, supoñendo neste último caso un aforro para o Concello de Sada, ao obter unha quita do 20%. Indica que non é o mesmo asumir un presuposto prorrogado o que lle obrigou a realizar obras imprescindibles como: arranxo de farolas, colexios, rede de augas. Tamén indica que houbo eventos o pasado ano que tiveron un gran retorno como a festa cervexeira. Igualmente refírese ao proceso de depuración das facturas, manifestando que non entende por qué non se depuraron en mandatos anteriores.-

De seguido, realízase un segundo turno de intervencións.-

O Sr. Gómez López manifesta que segundo o informe do interventor municipal o procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos ten carácter excepcional, co fin de que o contratista non teña que esperar e reciba as cantidades que se lle adebedan polos traballos efectuados, sen prexuízo das responsabilidades que procedan.-

A Sra. Bolaño Fariñas, indica que o expediente é consecuencia duns orzamentos esgotados e prorrogados que asumiron á súa entrada no goberno. Manifesta que non había orzamentos presentados do ano 2015. E que había obras que rematar, como en educación, que había dúas actuacións: unha por importe de 50 euros e outra a reparación do portal do colexio Pedro Barrié de la Maza.-

O Sr. Anido Varela xustifica a non aprobación dos orzamentos do ano 2015 sinalando que os grupos da outra bancada non os aprobaron e que cando o novo goberno tomou posesión atopáronse cun concello saneado e cun remanente de 2.400.000 euros. Expresa que pagaron máis de 2.000.000 en facturas que se debían dende o ano 1999, concretamente 2.340.000 euros. Di que hai facturas que non se puideron pagar, dado que non se acreditou a prestación do servizo, citando o caso da “Librería Teresita”.-

Manifiesta que no seu mandato realizouse a modificación das Bases de execución do orzamento establecendo que as diversas facturas tiñan que ser asinadas polo técnico e o concelleiro correspondente, indicando que o BNG tamén ten algo que calar, como a factura de “autos Calpita” de data 21.11.2010 correspondente a un desprazamento para unha manifestación en Santiago de Compostela contra a sanidade pública do goberno de Feijoo. Indica que as facturas correspondentes aos anos 2012 a mediados de 2015 están todas pagadas, acreditadas e xustificadas e que non todos os gobernos poden dicir o mesmo.-

O Sr. Suárez Becerra polo grupo municipal do BNG, di que a modificación das bases de execución do orzamento ao que se refire o Sr. Anido Varela, foi presentada polo tráfuga Sr. Campos. Non comparte as afirmacións do voceiro do PP, dado que no ano 2015 gobernando o PP “esquilmaron” as arcas municipais e que o novo goberno resolveu problemas como o de Feirón no que había 27.000 euros sen cobrar nos tres últimos anos.-

O Sr. Anido insiste en que deixaron un concello saneado economicamente con débeda cero, e que cando chegaron ao goberno se atoparon con 1.800.000 € de débedas nos bancos, máis 2 millóns e medio de euros en facturas no caixón. Sinala que o goberno municipal conta con nove soldos, e que o seu goberno estivo 18 meses cos presupostos prorrogados e o anterior 30.-

O Sr. Tenreiro Bouza lembra as débedas existentes con Orto e que o concello baixo o mandato do Sr. Anido estivo cos presupostos prorrogados.-

O Sr. Alcalde realiza unha última intervención, expoñendo que traen as facturas ao pleno para unha maior transparencia e para pagarlles aos provedores. Que espera que este procedemento no sucesivo sexa menos recorrente e que a súa utilización se debe a diversos erros administrativos. Que veñen ao pleno con 344.000 euros en facturas pendentes, dos cales 200.000 euros xa foron con cargo ao orzamento do 2016. Destaca a gran solvencia das arcas municipais. Indica que hai facturas de todos os gobernos suxeitos a este procedemento e que as facturas están ahí para quen as queira ver.-

Rematado o debate o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Exte. Modificación de crédito 20/2016. Crédito Extraordinario 01/2016.

Como consecuencia de falta de crédito e retrasos na tramitación ou facturación de gasto do exercizo 2015 e anteriores, constaba na contabilidade municipal gasto pendente de aprobación procedente de exercizos pechados por un importe total de 344.372,19 €. -

Os gastos procedentes de exercizos anteriores, en aplicación da Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, podense financiar con remanente de tesouraría para gastos xerais. Non obstante o dito, a aprobación da liquidación do orzamento 2015 non se realizou ate o presente mes de agosto, facendo imposible ata a dita data a utilización do remanente de tesouraría. A normativa de contratación das administracións públicas prevé uns prazos de pago que, no caso das facturas procedentes de exercizos pechados tiñan sido amplamente superados. É por iso polo que aprobáronse expedientes de recoñecemento extraxudicial (ata a cuantía que os créditos do vixente orzamento permitían) con cargo ao orzamento corrente por importe de 243.180,87 €. -

Por Decreto de alcaldía 1267/2016, de 11 de agosto, apróbase a liquidación do orzamento correspondente ao exercizo 2015. Entre as magnitudes que se deducen da mesma consta un remanente de tesouraría para gastos xerais que ascende a 2.832.606,14 €. Dito importe pode destinarse ao financiamento do gasto pendente de exercizos pechados, polo que procede:

1. A tramitación de modificación de crédito que recupere para o orzamento 2016 os créditos xa destinados ao financiamento de gasto de 2015 por importe dos citados 243.180,87 €; e tamén que

dote ás aplicacións correspondentes con crédito para cancelar as obrigas todavía pendentes cun importe de 101.191,32 €.-

2. A aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial para dar trámite ás facturas relacionadas en anexo á presente proposta. As ditas facturas fan referencia a gasto de exercicios anteriores que non foi aplicado ao orzamento municipal por diversos motivos. As mesmas supoñen obrigas de pagamento para o Concello e, dacordo coa normativa vixente, fináncianse con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais. O expediente ten un importe de 55.414,73€. Inclúense a práctica totalidade das facturas pendentes quedando unicamente aquelas que por motivos de conformidades non poden ser incluídas no expediente extraxudicial. Non obstante o dito a presente modificación de crédito sí prevé financiamento para esas facturas que poderán ser aprobadas una vez conformadas.-

Á vista de canto antecede esta alcaldía

PROPÓN:

1. Aprobar a proposta de modificación de créditos 20/2016, baixo a modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 344.372,19 €:

Estado de gastos:

Programa	Económica	Importe Total
132	21200	48,57
132	21300	256,53
132	22000	203,70
132	22104	977,68
151	22000	10,50
151	22624	2.057,00
151	22706	1.416,00
151	22799	136,85
160	21000	38,30
160	21300	1.538,73
160	21400	501,64
160	22100	182,87
160	22199	38,84
160	22799	4.235,00
161	60900	16.689,84
164	21000	369,61
164	22199	68,91
164	22700	142,65
164	22799	847,00
165	21000	5.083,69
165	22100	2.731,37
165	22707	3.537,06
165	60900	8.888,90
171	22799	1.264,40
312	22100	1.112,52
326	22746	3.689,34

330	22000	565,90
333	21200	948,21
333	21300	911,17
337	21200	7.367,09
338	22626	35.514,52
341	22199	246,78
341	22609	4.365,31
342	20200	709,35
342	21200	287,52
342	22700	2.039,04
419	22799	726,00
432	22000	111,65
432	22602	453,15
432	22612	6.544,50
453	21000	2.611,34
453	61900	5.526,97
912	22199	46,36
912	22601	1.555,60
912	22602	187,85
1532	21000	5.104,03
1532	21001	402,20
1532	60900	18.113,37
1729	21000	145,20
1729	22606	242,00
2310	21200	140,71
2310	21300	855,14
2310	22000	158,50

2310	22400	162,16
2310	22199	581,00
2310	22612	2.784,41
2310	22700	237,75
2310	22749	59.108,49
2310	22799	19,24
2310	48000	652,04
2311	21200	235,77
2311	22000	987,35
2410	22000	867,10
2410	22606	1.880,00
2411	22100	583,19
3230	21200	4.369,97
3230	21300	1.932,97
3230	62300	1.247,81
3230	22199	129,06
3231	21200	786,86
3231	22103	770,53
3321	22000	386,80
3321	22001	359,00
3321	22609	630,00
3340	22602	500,00
3340	22609	4.913,00
3340	22612	361,11

3340	22620	336,46
4311	22602	306,83
4311	22612	13.600,80
4312	21200	387,20
9200	21200	72,61
9200	21300	284,35
9200	21400	46,55
9200	22000	624,51
9200	22001	2.552,63
9200	22199	36,30
9200	22400	2.471,18
9200	22602	1.143,45
9200	22604	23.280,81
9200	22700	2.451,22
9200	22705	234,11
9200	22799	3.192,41
9200	46700	49.004,80
9201	21300	1.002,84
9201	21400	799,55
9201	22104	2.106,73
9201	22199	3.038,04
9201	22700	307,24
9201	62300	659,00
		344.372,19

Estado de ingresos:

Subconcepto.- Denominación.- Importe.-

87000.- Remanente de tesorería para gastos xerais.- 344.372,19.-

2. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial 3/2016 por importe de 55.414,73 € para a imputación a orzamento corrente dos gastos contidos en relación que obra no expediente.-
3. Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ao público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes.-
4. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.-

Non obstante o anterior, o Pleno decidirá o que estime máis conveniente”.

RELACIÓN DE GASTO INCLUIDO EN EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL
3/2016

Nº de Entrada.- Fecha.- Nº de Documento.- Fecha Dto.- Importe.- Tercero.- Nombre.- Texto Explicativo.- Programa.- Económica.-
F/2015/1679.- 15/04/15.- FA15001336.- 01/04/15.- 2030,99.- B27719699.- MEIFUS MACHINERY S.L.
Aluguer elevador para pintado centros sociais Meirás e Veigue.- 924.- 21200.-

F/2015/246.- 12/02/15.- 1.- 30/01/15.- 16689,84.- B15122104.- EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA S.L.- Soñeiro Alborelle, camiño do Convento: instalación redes abastecemento auga.- 161.- 60900.-

F/2015/2488.- 11/09/15.- emit 4.- 11/09/15.- 726.- B70090923.- APORTA COMUNICACION AMBIENTAL, S.L.U.- Realización de 4 pivotes con 4 etiquetas QR para el proyecto Mar de Sada.- 419.- 22799.-

F/2015/2544.- 17/09/15.- FE15 148.00.- 31/08/15.- 6655,94.- B15995772.- HUSO 29 ESTUDIOS Y CONTRUCCIONES S.L.- Obras complementarias contrato adecuación entorno terraza (2015).- 1532.- 60900.-

F/2016/2763.- 13/06/16.- 12.- 30/10/15.- 700.- G3245764.- ASOCIACION PARA LA DIVULGACION DE LA CULTURA DE LA CERVEZA ARTESANA.- Vixilancia nocturna e II carpa Cervefeira 2015.- 4311.- 22612.-

F/2016/2767.- 13/06/16.- 9.- 30/10/15.- 500.-G3245764.- ASOCIACION PARA LA DIVULGACION DE LA CULTURA DE LA CERVEZA ARTESANA.- Colopcción pancartas publicitarias en farolas cervefeira 2015.- 4311.- 22612.-

F/2015/2903.- 21/10/15.- MO-15 118.- 21/10/15.- 1058,21.- A15035413.- TECNORED S.A.- Montaxe de punto de luz en Mandín nº112- Sada).- 165.- 60900.-

F/2015/3145.- 22/10/15.- 150863.- 30/09/15.- 2623,21.- B15649536.- ALMACENES ROMES, S.L.- Materiais reparacións pavimentos e aceras en As Brañas.- 1532.- 21000.-

F/2015/3146.- 08/09/15.- 330.- 31/08/15.- 145,2.- 32394134Z.- AGUSTIN VAZQUEZ CARRO.- Contenedor residuos reparación aceras As Brañas.- 1532.- 21000.-

F/2015/3259.- 27/11/15.- 52/15.- 17/11/15.- 2662.- B70121785.- H.T. PRODUCCIONES Y ESPECTACULOS CORUÑA, S.L.- Aluguer carpa e equipo de son I Feira Oficios Artesans.- 4311.- 22612.-

F/2015/3261.- 02/12/15.- 2015/002.- 19/11/15.- 200.- G70200621.- ASOCIACION OS PATEXEIROS DE SADA.- Actos Feira de Oficios Artesans: embarcacións e xogos.- 4311.- 22612.-

F/2015/3368.- 11/12/15.- 270200271.- 30/11/15.- 272,25.- A28281368.- RADIO POPULAR S.A. COPE Publicidade Cadena COPE I Feira de Oficios.- 4311.- 22602.-

F/2015/3403.- 30/11/15.- A-372/2015.- 30/11/15.- 626,27.- B15686587.- GARCIA INSUA ELECTRICIDAD, S.L.- Cadro electrico para Cervefeira.- 4311.- 22612.-

F/2015/3463.- 14/12/15.- 122003065.- 30/11/15.- 464,64.- B15902265.- PROTECCION Y SEGURIDAD DEL NOROESTE (PROSENASA S.L.).- Servizos seguridade na Feira de Oficios 2015.- 4311.- 22612.-

F/2015/3513.- 21/12/15.- 738.- 21/12/15.- 9112,51.- B15293145.- CONTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.- Obras adecuación sumideiros, pluviais e rexistros despois de pavimentado avda BARRIE de la Maza.- 1532.- 60900.-

F/2015/3542.- 17/11/15.- 150974.- 30/10/15.- 34,58.- B15649536.- ALMACENES ROMES, S.L.- Materiais instalacións da Cervefeira.- 4311.- 22602.-

F/2015/3734.- 03/12/15.- 119/C2015.- 25/11/15.- 2,9.- B15501323.- MANUEL FREIRE MIRANDA S.L. Materiais para sinalización en Veigue.- 1532.- 21001.-

F/2015/3735.- 09/11/15.- 418.- 09/11/15.- 217,8.- 32787739C.- ALBERTO PITA CARAMES.- 12 carteis PVC. ""Carga de descarga"".-1532.- 21001.-

F/2015/3738.- 16/11/15.- 421.- 16/11/15.- 181,5.- 32787739C.- ALBERTO PITA CARAMES.- 10 carteis PVC ""carga e descarga"".- 1532.- 21001.-

F/2015/3744.- 26/11/15.- 15F0076.- 16/11/15.- 242.- B27450378.- UNIPEKU S.L.- Obradoiro de cestería infantil Feira oficios.- 4311.- 22612.-

F/2015/3745.- 26/11/15.- 15/44.- 18/11/15.- 242.- 33309845A.- XOAN MANUEL TUBIO FERNANDEZ.- Obradoiro de Xoguetes sonoros I Feira Oficios Artesans.- 4311.- 22612.-

F/2015/3756.- 18/11/15.- 17.- 15/11/15.- 312.- B15987456.- FONTE DO GATO, S.L..- 13 menus 14-15 de novembro para os artesans Asociación Cabanas Rural participantes na I Feira oficios.- 4311.- 22612.-

F/2015/3768.- 12/11/15.- 400 FE15.- 31/10/15.- 660.- 32394134Z.- AGUSTIN VAZQUEZ CARRO.- Contenedores escombros obra As Brañas.- 1532.- 21000.-

F/2015/3786.- 23/11/15.- 1511001A.- 15/11/15.- 242.- 34636388K.- NOELA FEAL JIMENEZ.- Demostración artesanía textil I Feria Oficios Sada 2015.- 4311.- 22612.-

F/2015/3787.- 23/11/15.- 217.- 15/11/15.- 242.- 33831905D.- JOSEFA LOMBAO FERRO.- Demostración Oleiría I Feria Oficios 2015.- 4311.- 22612.-

F/2015/3788.- 23/11/15.- 1535.- 12/11/15.- 70,7.- 76313512H.- APARICIO AÑON CAAMAÑO.- 6 bloques de barro para I Feira Oficios 2015.- 4311.- 22612.-
F/2015/3789.- 23/11/15.- A66.- 13/11/15.- 242.- B27221209.- ALDEAS ARTESANS DE GALICIA, TURISMO RURAL E ARTESANIA S.L.- Demostración torneado madeira I Feira Oficios 2015.- 4311.- 22612.-
F/2015/3801.- 09/11/15.- MO-15/131.- 31/10/15.- 2091,49.- A15035413.- TECNORED S.A.- Reparación farola sinistro vehículo 9831 DHT.- 165.- 21000.-
F/2015/3806.- 10/12/15.- 151062.- 30/11/15.- 235,59.- B15649536.- ALMACENES ROMES, S.L.- Lavadeiro para I Feira Oficios 2015.- 4311.- 22612.-
F/2015/3813.- 17/12/15.- 086—2015.- 18/11/15.- 90,75.- 32747589M.- MANUEL FERNANDEZ TEMPRANO.- Repración porta aluminio Escola Infantil Mondego.- 3231.- 21200.-
F/2015/975.- 15/04/15.- 00 0000044-15.- 15/04/15.- 2344,92.- B15547979.- JARDINERIA ARCE, S.L.- Camiño en formigón de acceso ao parque infantil avda da Mariña.- 1532.- 60900.-
F/2016/76.- 11/01/16.- 100505.- 31/12/15.- 191,19.- B15134182.- VEICAR-prieto puga s.l.- Revisión e Axuste emisoras teltronic policía Local.- 132.- 21300.-
F/2016/186.- 15/01/16.- 151141.- 31/12/15.- 327,18.- B15649536.- ALMACENES ROMES, S.L.- Subministro discos, tornillos, arandelas e servizo con cameon area obra aceras en As Brañas.- 1532.- 21000.-
F/2016/187.- 15/01/16.- 151139.- 31/12/15.- 376,01.- B15649536.- ALMACENES ROMES, S.L.- Material para reposicion aceras.- 1532.- 21000.-
F/2016/337.- 13/01/16.- 161336.- 30/12/15.- 129,06.- B70065131.- BUROPLANET S.L.U.- Barbas e pelucas nadal 2015/16 Centros escolares.- 3230.- 22199.-
F/2016/2765.- 13/06/16.- 13.- 30/10/15.- 1411.- G32457640.- ASOCIACION PARA LA DIVULGACION DE LA CULTURA CERVEZA ARTESANA DE GALICIA.- Vasos para Cervefeira 2015.- 4311.- 22612.-
F/2016/2851.- 24/02/16.- 1/2016.- 24/02/16.- 100.- 32391470H.- CONCEPCION LEMA TORRE.- Obradoiro de cerámica I Feira oficinas 2015.- 4311.- 22612.-
F/2016/2852.- 24/02/16.- PM 01-2016.- 23/02/16.- 380.- 02705893N.- PEPA DE LA MORENA MUÑOZ.- Docencia curso Aplicación acordonada Feira Oficios 14/11/2015.- 4311.- 22612.-
F/2016/3797.- 11/04/16.- 0002/2016.- 08/04/16.- 581.- G1516459.- RAYO SADENSE.- Equipación futbol feminino.- 2310.- 22199.-
-- .- -. -. -. -. 55414,73.-”

A proposta apróbase por unanimidade dos concelleiros.-

3º.- Modificación das bases de execución 1/2016.-

O Sr. Alcalde abre unha primeira rolda de intervencións.-

A concelleira delegada de servizos sociais, Sra. Reimúndez Suárez manifesta que traen a proposta de modificación das bases de execución ao pleno para mostrar o seu apoio ás familias saharauis. Indica que foi o BNG o primeiro partido en asinar un convenio coa Asociación Galega do Pobo Saharai. Sinala que con esta axuda preteden incentivar o acollemento temporal ás familias do noso concello e que certas limitacións económicas familiares deixen de ser un impedimento para a dita acollida. É para sufragar gastos de viaxe. O programa tamén ten como finalidade aprender doutras culturas.-

O Sr. Gómez López polo Grupo municipal do PDSP sinala que van vota a favor.-

A Sra. Bolaño polo Grupo Municipal Socialista, di que o seu grupo vai votar a favor ao considerar que se trata dunha boa medida, xa que se trata de fomentar a educación en valores.-

O Sr. Montouto Pérez, polo Grupo Municipal de Sadamaioría, di que están a prol da proposta e que eles sempre están a favor de colaborar con iniciativas en defensa dos oprimidos e das minorías.-

A Sra. Salorio Porral polo Grupo Municipal do Partido Popular, manifesta que o seu grupo vai votar a favor, considerando que a contabilidade municipal está saneada. Que coñecen a actividade da asociación, que o anterior alcalde Sr. Anido Varela recibiu aos pais e nenos que foron acollidos. Porén manifesta tres cuestións:

1. Que o actual goberno municipal criticou as subvencións nominativas e agora cambian de estratexia. Que existen outras asociacións que traballan desinteresadamente e que aínda non asinaron o convenio.-
2. Por qué non traer propostas de subvencións nominativas para outras asociacións, que si están inscritas no Rexistro de Asociacións.-
3. Por qué a contía de 3000 euros e non outra. ¿Cal é o estudio que existe ao respecto?.-

Malia as tres observacións anteriormente formuladas, sinala que o seu grupo votará a favor.-

A Sra. Reimúndez Suárez replícalle ao grupo municipal do Partido Popular que queren ser os primeiros en todo. Que ésta é unha subvención nominativa que se concede con criterio político: 3000 euros para seis familias, o que supón cincocentos euros por cada familia de acollida.-

A Sra. Bolaño Fariñas, sinala que foi unha constante en todos os gobernos conceder este tipo de axudas, se ben ésta é a primeira ocasión que aparece reflectida nos orzamentos municipais.-

O Sr. Anido Varela pola súa parte sinala que aínda non está asinado nin un só convenio nin un só euro coas asociacións e ANPAS que dependen da concellería de Educación. Sinala que a subvención se outorga cun criterio político e que cando a dá o PP os demais grupos a cuestionan e cando a outorga o actual goberno e como se fora a prol da veciñanza, cuestionando ese dobre enfoque.-

Xérase unha incidencia coa pronunciación en galego da exposición do Sr. Anido, interrompida polo Sr. Tenreiro Bouza e o Sr. Suárez Becerra. O Sr. Alcalde ponlle fin a este incidente pedindo respecto para a lingua galega.-

O Sr. Alcalde remata o debate sinalando que o relevante é poder outorgar a subvención ás seis familias de acollida e que Sada é o concello que máis familiais acolledoras ten, e que un goberno progresista ten que apoiar este tipo de familias, para garantir que os rapaces de acollida pasen un verán tranquilo.-

A proposta de acordo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa é a seguinte:

“A Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai desenvolve o programa vacacións en paz, que é un proxecto de acollida temporal de nenos e nenas saharauis durante os meses de verán. Familias do Concello de Sada participan cos seus medios nesta iniciativa dende hai anos. Este programa permite as familias saharauis a posibilidade de que os seus fillos disfruten dun verán alonxados das altas temperaturas do deserto; asimismo, as familias Sadenses enriquecécese co coñecemento e convivencia coas persoas dunha cultura diferente.-

Á vista dos valores do programa o Goberno municipal entende de interese municipal o fomento do mesmo, e dada a súa singularidade a articulación a través de convenio polo que se financien os gastos de desprazamento dos nenos e nenas acollidos polas familias de Sada.-

Nas Bases de Execución do orzamento municipal figuran as subvencións nominativas para a área de Servizos Sociais. -

Á vista do exposto esta alcaldía propón :

1. Que se modifique a Base 36.5 a) do Orzamento municipal para o exercizo 2016 engadíndose a seguinte subvención nominativa:
Beneficiario.- Aplicación.- Importe.-
Solidariedade Galega co Pobo Saharai.- 2310.48000.- 3000.-

A proposta antedita apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.-

4º.- Expediente de solicitude de subvención para a mellora das infraestruturas e os equipamentos das escolas infantís 0-3 dependentes das Corporacións Locais (Feder 2014-2020).-

O Sr. alcalde outorga un primeiro turno de intervencións.-

A Sra. Reimúndez Suárez sinala que se trata dun trámite administrativo relativo á subvención convocada no Diario Oficial de Galicia o pasado 26 de xullo. Se trata de obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas da Escola Infantil municipal Flora Ramos recollidas na memoria elaborada polo arquitecto técnico municipal e que se trata entre outras: da eliminación de escalones, a mellora da varanda de madeira existente, se retiran cantos rodados, se contempla a instalación dunha nova zona de xogos infantís. Lembra que se trata dunha edificación que xa ten 20 anos aproximadamente.-

O Sr. Gómez López polo Grupo Municipal do PDSP sinala que o seu voto vai a ser favorable.-

A Sra. Bolaño Fariñas polo Grupo Municipal Socialista di que o seu voto vai a ser favorable e que entende que non van existir grandes impedimentos para sacar este punto adiante por unanimidade, lembrando a necesidade de execución de rampas ante posibles evacuacións.-

A Sra. García Freire polo Grupo Municipal do Partido Popular, manifesta que o seu grupo está a favor deste tipo de intervencións e se trata dunha actuación sufragada pola Xunta de Galicia.-

A Sra. Reimúndez Suárez replica que son fondos europeos FEDER que veñen de Europa.-

A Sra. García Freire puntualiza, que son a través do programa da Xunta de Galicia, aínda que sexa con fondos europeos.-

Pola súa parte o Sr. alcalde sinala que está actuación xa a tiña contemplada o goberno municipal para realizala con fondos propios, pero que van a utilizar esta axuda dos fondos FEDER para facer un proxecto máis ambicioso. Considera que este tipo de actuacións deben ser apoiadas por todos os grupos.-

A proposta de acordo dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa é a seguinte:

“Vista a Orde do 13/07/16 da Consellería de Política Social pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016, publicado no DOG nº 140 do 26/07/16, propónse ao Pleno da Corporación:

1º.- Solicitar axuda por importe de 20.000 € para realizar as obras de adecuación e mellora da Escola Infantil “Flora Ramos “Florita””.-

2º.- Solicitar axuda por importe de 15.000 € para adquisición e mellora do equipamento do centro.-

3º.- Que se aceptan as condicións e requisitos establecidos na Orde do 13/07/16.-

4º.- Que o concello se compromete a manter o cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta orde e na normativa aplicable durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado.-”

A devandita proposta apróbase por unanimidade.-

Control de órganos de goberno.-

5.- Informes e comunicacións.-

O Sr. Alcalde sinala que todos os decretos están a disposición dos concelleiros, e dá conta da liquidación cun remanente de tesourería de máis de 2.300.000 euros e cun aforro neto de 734.000 euros.-

6.-Mocións.-

O Sr. Alcalde di que non hai mocións presentadas.-

7. Rogos e preguntas.-

O Sr. Gómez López di que ten catro rogos e dúas preguntas.-

Realiza un rogo ao Sr. Interventor preguntando cántas nóminas hai no goberno.-

O Sr. Interventor responde que sete máis unha de persoal eventual.-

2º.- Rogo: Que lle deixen expoñer dous minutos en cada turno de rogos e preguntas.-

3º.- Rogo: Que o pasado 7 de xuño presentou no rexistro unha solicitude para obter copia dos escritos relacionados coas obras contratadas por procedemento negociado sen publicidade durante o período comprendido entre agosto de 2011, 2012 e xuño de 2015. Di que nestes casos só se invitaba a presentar presupostos a un reducidísimo número de empresas e os contratos se adjudicaban sempre ao mesmo. Invoca o art. 11 do ROM.-

4º.- Rogo: Que hai varios meses solicitou o informe desfavorable das contratacións do Sr. Corredoira Isasi, arquitecto urbanista do Concello e que o necesita para aportalo nas dilixencias que se siguen no Xulgado de Instrución nº 1 de Betanzos. Di que o Sr. Alcalde respostoulle nun pleno anterior que o informe tiña desaparecido, se é así e aínda non apareceu, pide que se lle detalle por escrito.-

Preguntas do Sr. Gómez López:

1ª.- Relativa ao mal gasto do Sr. Anido, por importe de 20.080 euros que durante apenas cinco meses percibiu como salario Dª Belia Vellón polo seu traballo como coordinadora do Concello de Sada. Le o auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Betanzos do 30.6.2016. Sinala que a raíz da dita contratación tanto o anterior alcalde como a dita persoa foron imputados por prevaricación e tráfico de influencias. Quere saber se existiu algún reparo de intervención, dado que xa están en marcha accións penais por un posible delito de malversación de caudais públicos.-

2º.- O pacto anticorrupción que negocian PP e cidadáns inclúe unha cláusulas pola que se comprometen a separar de inmediato a calquera cargo público que teña sido imputado formalmente por corrupción política. Indica que a prevaricación é corrupción política segundo o anuario de dereito penal. Indica que a acción popular ten previsto solicitar a declaración do ex alcalde da Coruña, D. Carlos Negreira Souto. Pregunta ao Sr. Alcalde se recibiu algún escrito do portavoz do PP comunicando o seu pase ao grupo mixto.-

Felicita á concelleira do Partido Popular Sra. Salorio Porral pola súa inclusión nas listas ao Parlamento de Galicia.-

Pola súa parte o Sr. Anido pregunta se o goberno municipal mantivo algunha reunión cos propietarios das denominadas “Conejeras de Veigue”. Di que hai moitas persoas afectadas e pregunta se é posible acreditar a antigüidade dado que hai un informe policial ao respecto do ano 2001. Que teñen pedido que o técnico municipal acredite a antigüidade e que este cos datos e documentación que consta no Concello non a pode acreditar.-

O Sr. Montouto Pérez, concelleiro delegado de urbanismo, manifesta que si tiveron unha reunión cos propietarios. Que é un problema que vén de lonxe, sobre o que ten competencias a Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística. Que hai diversas sentenzas incluídas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ordean ese derribo.-

Un asistente do público interrompe sinalando que levan 11 anos pagando impostos. O Sr. Presidente dille ao asistente que non pode intervir de momento, e que intentará cambiar o funcionamento do pleno para que os cidadáns poidan intervir.-

O Sr. Montouto insiste en que se pode acceder ao expediente e se pode ver o informe que se emitiu polos servizos xurídicos de urbanismo no que nós ao ser unha cousa xulgada damos por finiquitado no que respecta ás competencias municipais. Outras competencias autonómicas determinarán o que se poida facer. Non é competencia do concello de Sada ao estar en solo rústico, e por outro lado ao considerar que xa é unha cousa xulgada e que non cabía recurso, nós non vamos a intervir. Moitas grazas.-

O Sr. Anido pediu que a transcripción do pleno como a resposta conste en acta.-

Este último concelleiro tamén formula unha pregunta relativa á seguridade cidadana, sinalando que trala reunión da Mesa de Seguridade continuáronse producindo actos vandálicos, robos e incendios. Sinala que o seu grupo ten constancia de que hai noites que houbo “cero” policías en Sada. Pídelle ao Sr. Alcalde que tome medidas porque lles consta que posiblemente haxa máis días nos que poida ocorrer.-

O Sr. Alcalde resposta que o problema é que os policías locais non se poden contratar como funcionarios interinos, que xa está aprobada a oferta de emprego público e que agora sairá publicada no BOE, onde constan dúas prazas de policía local.-

Sinala que as noites se organizaron en coordinación coa garda civil, de tal xeito que cando este corpo estivera presente non o estaría a policía local, para coordinar os cadrantes e evitar un prexuízo para as arcas públicas.-

O Sr. Anido resposta que lle parece indecente que un policía local cobre 4000 ou 5.000 euros de soldo no mes de agosto por moitos reforzos que faga.-

Con respecto ao Hotel indica que foron iniciadas unhas obras e pregunta se existe comunicación previa ou licenza, así como os informes sectoriais de Patrimonio e Costas. Supón que será algo temporal e que no ano 2017 o hotel pasará a ser de todos os sadenses. Manifesta o seu desexo de que así sexa.-

Con respecto ao Sr. Suárez Becerra concelleiro delegado de turismo pregúntalle se vai a dar os datos de turismo tanto deste ano como dos do ano pasado. Quere saber cómo vai a tendencia, tendo en conta que o ano pasado foi contratada unha persoa en turismo.-

O Sr. Suárez Becerra resposta dicíndolle que pode darlle os datos de xullo e agosto. Que en agosto superáronse os 3.200 visitantes na oficina de turismo, mentres que no ano pasado, abrindo pola mañá e pola tarde superaron 3800. A diferenza está en que o ano pasado estaba aberto pola mañá e pola tarde, máis unha persoa en prácticas, e que a escola de turismo computou 744 persoas máis.-

Indica que non ten problema en recoñecer os números de turismo porque efectivamente é o primeiro que critica a tardanza no outorgamento da subvención este ano para a contratación dun técnico de turismo.-

O Sr. Gómez López con respecto ao hotel pídelo ao Sr. Alcalde que indague se cando o Sr. Anido estaba de Alcalde fixeron as obras de cerramento nas escaleiras que hai no hotel, se as fixo a cuadrilla municipal ou unha empresa privada. Pide que lle averigue iso e a ver se no seguinte pleno pode dicírllo.-

A Sra. Salorio Porral, en relación coa mención do Sr. Gómez López, sinala que está moi orgullosa do recoñecemento do seu presidente rexional e provincial de escollela para a lista das eleccións autonómicas, máis indicando que non é un recoñecemento persoal, senón un recoñecemento o labor do equipo e dos resultados obtidos nas recentes eleccións municipais. Dá as grazas.-

E non habendo máis asuntos que tratar a sesión remata sendo as 21.40 h, de todo o cal, eu como secretario, estendo a presente acta.-